

FERNANDO, FELIX, JOSE M.. 6ºC

O templo pertence á idea de grande igrexa de peregrinazón, que se caracteriza por ter planta de cruz latina e unha nave lateral contínua que rodea á nave principal. Esta nave lateral permite ós peregrins percorrer toda a igrexa sen interromper o culto.

Ten tribuna, cruceiro, xirola e capelas absidiais.

A nave central cobre-se cunha bóveda de canón e as laterais con bóveda de arista. Tivo nove torres, duas en cada fachada e tres no cruceiro. De traza medieval, recibe adicións en tempos renacentistas e barrocos.

Cada unha das suas fachadas forma coas suas respectivas prazas magníficos conxuntos urbanísticos. Entre elas, a Praza do Obradoiro, foi realizada por Casas Novoa en 1740 (século XVIII); asimesmo barroca é a da Azabachería, obra de Ferro Caaveiro e Fernández Sarela, modificada por Ventura Rodríguez; a de Praterias, construída polo Mestre de Praterias en 1103 (século XII); e sobre todo, o Pórtico da Glória, obra cume da escultura románica concluída polo Mestre Mateo en 1188 (século XII).

A fraga do Eume

ÁLVARO E IAGO. 6ºC

Localízase no Noroeste de Galicia, entre á costa dás Ría de Ares e a Serra da Loba en Monfero, provincia de A Coruña. Esténdese polos concellos coruñeses de Cabanas, A Capela, Monfero e Ponte do Eume.

Considerada como unha dás xoias forestais ibéricas, ás fragas do río Eume constitúen o máis importante, exemplo supervivente do bosque autóctono sobre á franxa litoral de Galicia. Este inaudito valor ecolóxico compleméntase có intenso sabor medieval dos mosteiros medievais existentes na área, ó de Monfero e o de Caaveiro enclavado no corazón mesmo dá fraga.

Vexetación: Nas fragas domina indiscutiblemente ó roble, coñecido en Galicia como carballo. Tamén sobresaen castiñeiros, freixos, sen esquecer á importante funcionalidade ecolóxica do extenso bosque da ribeira. O sotobosque das fragas ten unha gran relevancia non só pola súa heteroxeneidade se non por albergar algunha dás especies más emblemáticas deste espacio, como á Woodwardia, supervivente dos fentos que dominaban fai millóns de anos no clima mediterráneo.

Fauna: Abundante, heteroxénea e lamentablemente moi difícil de sorprender. Gato montés, xineta, marta, zorro, búho real, falcón abelleiro, chotacabras, etc. Sen embargo, un comportamento discreto e respectuoso como o que se merece este entorno, pódenos regalar cucha visión do veloz azor o a esquiva nutría. Máis fácil e a observación do merlo acuático, o martín pescador, a ardilla, e multitude de pequenos mamíferos e aves típicas do bosque.

Saimos ás 9:30 do colexio cara a Silleda e divertímonos vendo unha película.
Ao chegar, gardáronnos as carpetas e as mochilas.
Logo puxéronnos nunha especie de salón e alí deixamos as chaquetas.
Logo dividíronnos en catro grupos: o vermello, o amarelo, o laranxa e o verde.
Despois fomos dar de comer aos animais.
Fixemos pan e terminamos coas mans emporcadas!
A continuación fomos a unha horta e plantamos coles.
Mais tarde fomos a unha especie de laboratorio de identificación de animais. Ao xantar comemos espaguetis con atún e croquetas.Logo de comer fixemos bailes e cantamos cancións.
Finalmente chegamos ao colexio ás 18:30. Que día máis chulo!

ANDREA, DANIEL, AUREA, LOIS E ALEXIA.. 3ºC

NATALIA. 6ºA

O 14 de maio, as doce horas, os alumnos de sexto entramos no Auditorio da Fundación Granel para ver a obra "os Barallocas van de viaxe".
A obra conta a historia duns personaxes fantásticos (Vervalinda, Falamunda, Pepiño, Sarela, e Maldito).
A avoa Vervalinda encárgalle os seus netos Pepiño e Falamunda unha misión que consistía en atrapar a un home chamado Maldito que falaba moi mal o galego e que ademais os seus xefes mandaranlle quitar todas os sinais que axudaban os pelegrinos a recorrer o camiño de Santiago, para así confundilos e que non soubesen por onde pasaba.
A misión comenzou indo os nenos ata o comezou do camiño grazas a Sarela, que era unha vieira. Cando chegan Pepiño ponse a durmir e Falamunda atopase con Maldito e el pídelle que lle de o mapa porque e un italiano perdido, pero Falamunda recoñéceo por falar mal o galego e non llo da.
Despois Maldito di que secuestraron a súa avoa e so a liberarían se lle da o mapa e el dállo. E cando Maldito o ten nas mans di que e unha fotomontaxe e vaise. Despois, cando esperta Pepiño, Falamunda cóntalle o que pasara e os dous chaman a Sarela para que os conduza a catedral e chegar antes ca el.
Ao final Maldito atopase ca avoa, e esta fai un conxuro para que si non foi a Compostela como un pelegrino de verdade, tería que regresar a súa casa e non volver. E pola noite a avoa reúnese cos nenos en Santiago para ver a catedral antes de irse a durmir.

MARCO POLO

O mércores día 29 de abril asistimos a unha obra de teatro no Auditorio de Galicia.
Esta titulábase "Marco Polo" e trataba sobre a viaxe que este mítico personaxe realizou a China.
Marco Polo comezou a súa viaxe con quince anos, cando o seu pai e o seu tío (que eran navegantes) invitárono a ir con eles a unha viaxe a Oriente. Para chegar alí, foron en barco cruzando o Mar Mediterráneo, desde Venecia ata Exipto. A partir de alí cruzaron o deserto, cousa que para Marco Polo era moi estraña debido a que onde el vivirá (en Venecia) hai moita auga e no deserto é moi difícil atopala. Despois desta ardúa e longa viaxe, chegaron a China. Nela Marco Polo coñeceu ó emperador Khan, quen lle fixo gobernador debido o seu aprezo.
Despois destas peripecias por Oriente, Marco voltou a Italia. Xa no seu fogar, comparteu con todos a cultura chinesa, tanto a gastronomía como a ciencia.
Esta representación gustoume bastante, pois puiden ver os diferentes países polos que pasaba Marco Polo, pois foi moi curioso observar os países, nas diferentes culturas.
Tamén me pareceu moi interesante ver o avanzada que estaba China naquel momento e os inventos que proporcionaron a Europa.

SERGIO. 6ºC